



RESOLUCIÓN

ASUNTO: DECRETO CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2025

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000602

ANTECEDENTES:

Bases reguladoras para a concesión de subvencions para eventos e actividades culturais mediante libre concorrancia competitiva concello de cee 2025.

Acta I, de data 26/06/2025, de revisión das solicitudes de subvención presentadas, publicación da proposta provisional de concesión e apertura de prazo de alegacións.

Informe do rexistro municipal de data 09/07/2025 en relación á proposta provisional de concesión de non presentación de alegacións ás mesmas.

Acta II, de data 09/07/2025, de proposta definitiva de concesión.

Informe de fiscalización de data 16/07/2024 co asunto: Proposta de concesión (fase D) de subvenciones en concorrancia: Cultura 2025.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Aprobar a lista definitiva de valoración das solicitudes co seguinte detalle:

ENTIDADE	VALORACIÓN									
Terra de Sena	10	10	10	3,75	10	4	10	15	72,75	9,73%
Coral Polifónica	10	10	30	1,25	7	6	6,8	15	86,05	11,51%
Amigos da Banda de música	0	0	20	0	7	10	5,6	0	42,6	5,70%
Fumes do Cal	5	4	30	1,25	10	10	1,2	15	76,45	10,22%
Pedras Miúdas	10	10	30	5	7,5	6,15	4	15	87,65	11,72%
Pan de Raposo	10	10	10	2,5	10	6,2	9,2	0	57,9	7,74%
Paseniño	10	7,5	0	3,75	2	4,55	0	15	42,8	5,72%
SDC Brens	10	10	30	5	10	5	0,4	0	70,4	9,41%
Novas Xuventudes	0	0	20	0	8	0,25	3,6	15	46,85	6,26%
As Cult. San Antonio	0	0	10	0	2,5	0,4	10	0	22,9	3,06%
Com. Festas Toba	0	0	30	0	4	0,35	6	7,5	47,85	6,40%
Asoc. Sardiñada do Carmen de Cee	0	0	20	0	0,5	0,4	0,4	0	21,3	2,85%
Asoc. Novo Viana	10	10	30	2,5	0,5	3,95	0,4	15	72,35	9,67%

2.- Aprobar a concesión definitiva de subvencions para actividades deportivas mediante libre concorrancia competitiva do Concello de Cee 2025, con seguintes importes:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN PROPOSTA
Terra de Sena	2.000,00 €
Coral Polifónica	2.000,00 €
Amigos da Banda de música	1.222,75 €
Fumes do Cal	2.000,00 €
Pedras Miúdas	2.000,00 €
Pan de Raposo	1.661,91 €



Paseniño	1.228,49 €
SDC Brens	2.000,00 €
Novas Xuventudes	1.344,74 €
Asoc. Cult. San Antonio	657,30 €
Com. Festas Toba	1.373,44 €
Sardiñada Carmen	611,37 €
Novo Viana	2.000,00 €

3. Segundo establecen as bases da convocatoria:

12. Xustificación e pagamento.

12.1. Consideracións xerais.

A documentación presentarase no rexistro xeral do Concello de Cee en horario de 9:00 a 13:30 horas de luns a venres, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións.

Consonte ao artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique:

- Sexa igual ou superior ao importe concedido, aboarase o 100% da subvención.
- Sexa inferior ao importe concedido, fixado como límite o 50%, aboarase unicamente o gasto xustificado, véndose minorada a cantidade a percibir.
- Sexa inferior ao 50%, no se considerará cumprida a finalidade básica da subvención polo que non se aboará cantidade algunha.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, en todo caso a obtención concorrente de subvención doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso poderá ser de tal contía que en concurrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade que desempeñe o beneficiario.

12.2. Prazo de xustificación.

O prazo de presentación dos xustificantes rematará o 15 de outubro de 2025, se ben antes de rematar o prazo, poderase ampliar por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora. No caso de que o interesado solicite unha prórroga téñense que razoar os motivos e realizarse por escrito antes da data sinalada.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido (inicial ou prorrogado), comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de Subvencións de Galicia. A presentación da



Exp. 2025/G003/000602

xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

En calquera caso, o 31 de decembro de 2025, anularanse automaticamente todas as axudas pendentes de xustificación ou sen concesión de prórroga.

O Concello reserva o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando o beneficiario obrigado a facilitar tanta información sexa requirida polo responsable da tramitación.

12.3. Documentación xustificativa a presentar:

A xustificación formalizarase nos anexos e documentación complementaria aos que se poderá acceder na sede electrónica municipal.

<https://sede.cee.gal/sxc/es/procedimientosytramites/index.html#subvenciones>

- Anexo 5. Solicitude de aboamento da subvención concedida.
- Anexo 6. Declaración doutras axudas 2025.
- Anexo 7. Orzamento de ingresos e gastos 2025.
- Anexo 8. Memoria de actividades 2025.
- Anexo 9. Relación clasificada de gastos presentados 2025.
- Documentación complementaria:
 - Certificado da conta bancaria da entidade.
 - Certificados de estar ao corrente coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e
 - Concello de Cee (este último consultarase de oficio pola entidade local, non sendo precisa a
 - súa presentación).
 - Facturas ou documentos orixinais polo importe concedido e xustificantes
 - bancarios do seu pago. (No caso de presentar os gastos de persoal como xustificantes será
 - preciso xuntar: contrato en vigor, informe de vida laboral, nóminas e TC2 Seg. Social).
 - Acreditación do uso do logotipo do Concello de Cee en cartelería, web, redes
 - sociais, outras.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electronicamente]